

# Aviso legal

## **AVISO LEGAL DO SITIO WEB:**

**<https://v3manager.com/padellana>**

### **Titularidade do Portal ou Tenda**

De acordo co cumprimento da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de Servizos da Sociedade da Información, inclúense os seguintes datos: EMPRESA: CONCELLO DA BAÑA. San Vicente, A Baña, 15863.

A navegación polo Portal, a utilización e/ou a adquisición de calquera dos produtos da Tenda supoñen a aceptación, como Usuario, sen reservas de ningún tipo, de todas as Condicións Xerais de Utilización do Portal, das Condicións Xerais de Contratación, así como, no seu caso, das Condicións Particulares que, se procede, puidesen establecerse para a adquisición dos servizos ou produtos.

Para os efectos anteriores, enténdese por Usuario toda persoa que navegue polo Portal e/ou utilice os servizos incluídos na Tenda ou adquira os servizos ou produtos ofertados na Tenda.

Estas Condicións Xerais aplicaranse tanto á actividade promocional e de subministración de información que se efectúa a través do Portal como á adquisición de bens e/ou á prestación dos servizos ofertados na Tenda, de tal maneira que rexerán en todo momento tanto para a simple navegación polo Portal como para a adquisición de bens e/ou a prestación de servizos ofertados na Tenda, aínda que estas últimas se rexerán tanto por estas Condicións Xerais de Uso como polas Condicións Xerais de Contratación que correspondan, e polas condicións particulares que, no seu caso, puidesen establecerse.

### **Obxecto do sitio web**

O sitio web do CONCELLO DA BAÑA ten como obxectivo ofrecer servizos de alugueiro de pistas deportivas.

### **Réxime de modificacións**

O CONCELLO DA BAÑA resérvase o dereito de modificar unilateralmente, en calquera momento, e sen previo aviso, tanto as presentes condicións xerais como as particulares que eventualmente poidan establecerse; a configuración, presentación e deseño do portal ou de calquera dos elementos que o integran; as informacións, xerais ou especializadas, e os contidos subministrados e, en xeral, calquera outra circunstancia non designada expresamente, incluída a cancelación do portal ou dalgún dos seus elementos.

Unha vez implantada calquera das modificacións referidas no portal, todo acceso posterior realizado polo usuario supoñerá a súa aceptación incondicional. Sen prexuízo do anterior, o CONCELLO DA BAÑA resérvase igualmente o dereito de deixar sen efecto, total ou parcialmente, de forma unilateral e en calquera momento, a gratuidade do acceso ao portal ou da utilización de informacións e contidos. Neste caso informará desta circunstancia ás persoas usuarias na páxina principal do portal con antelación suficiente.

### **Regras de utilización do Portal**

O Usuario obrígase a utilizar o portal conforme ás presentes condicións xerais, así como ás particulares que eventualmente poidan establecerse; e, igualmente, á Lei, ao costume e á orde pública. En consecuencia, o usuario, a título meramente enunciativo e non limitativo, vén obrigado a:

- Non utilizar o portal nin facer uso dos elementos, informacións, contidos e servizos que o integran vulnerando as condicións xerais e/ou particulares, ou infringindo a lei, os bos costumes xeralmente aceptados ou a orde pública.
- Non enviar, en ningún caso, publicidade ou comunicacións comerciais de ningún tipo, nin tampouco mensaxes electrónicas non solicitadas ou non consentidas previamente polos seus eventuais destinatarios, xa se trate de mensaxes individuais ou de cadeas de mensaxes. Igualmente obrígase a non captar nin utilizar listas de distribución que eventualmente puidesen resultar accesibles desde o portal, nin ceder, por calquera título, a terceiros, as referidas listas ou datos contidos nelas, todo iso con independencia de cal sexa a finalidade perseguida.
- Non lesionar, no devandito uso, os dereitos, de calquera tipo, que correspondan a terceiros.
- Non utilizar mecanismos distintos dos expresamente habilitados ou recomendados no portal para a obtención das informacións, contidos e servizos que o integran, cando dita obtención sexa posible por estar autorizada ou permitida polo CONCELLO DA BAÑA.
- Non acceder ilicitamente ao portal, nin a sistemas informáticos de terceiros, nin difundir programas ou virus informáticos susceptibles de causar danos en equipos ou sistemas informáticos, sexan cales sexan, e con independencia da personalidade dos seus respectivos propietarios.
- Non realizar actividades que de calquera maneira supoñan ou poidan supoñer un menoscabo ou prexuízo, de calquera tipo, para o sitio web do CONCELLO DA BAÑA. Non executar actos que limiten ou impidan o acceso e utilización do portal, en condicións adecuadas, por parte do resto das persoas usuarias.
- Non establecer hiperenlaces ou ligazóns entre calquera páxina web, incluída a propia do usuario, ou calquera outro sitio ou espazo accesible desde Internet, e o portal do CONCELLO DA BAÑA, agás que mediase autorización expresa e por escrito do CONCELLO DA BAÑA, e nas condicións que este establecese en cada caso. O usuario que incumprise o anterior será o único e exclusivo responsable dos danos e prexuízos de todo tipo causados por tal motivo, ben ao CONCELLO DA BAÑA, ben a terceiros.

### **Da propiedade intelectual**

Os dereitos de propiedade intelectual do contido das páxinas web son titularidade do CONCELLO DA BAÑA ou foron licenciados polos seus respectivos titulares. O CONCELLO DA BAÑA ten todos os dereitos reservados e non concede sobre eles ningunha licenza ou autorización de uso. O usuario obrígase a non vulnerar, en ningún caso, os dereitos referidos no parágrafo precedente, así como a utilizar o portal, cos seus diferentes elementos e contidos, para o seu exclusivo uso privado.

En consecuencia, o usuario, a título meramente enunciativo e non limitativo, non poderá utilizar o portal con fins empresariais ou comerciais; nin reproducir, copiar ou distribuír de ningunha forma os elementos, informacións, servizos ou contidos que o integran; nin facilitar ou permitir o acceso de terceiros aos devanditos elementos, informacións, servizos e contidos mediante a súa comunicación pública en calquera forma.

O CONCELLO DA BAÑA garante a seguridade e confidencialidade dos datos facilitados por cada USUARIO no envío de documentación, cumprindo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e conforme ao compromiso que adquire ao aplicar a súa Política de Privacidade.

Calquera reprodución, distribución, comercialización ou transformación dos contidos que non fose expresamente autorizada polos seus titulares constitúe unha infracción dos dereitos de propiedade intelectual e industrial protexidos pola Lei.

O acceso ao sitio web atribúe a quen o realiza a condición de USUARIO e expresa a aceptación plena e sen reservas por parte do USUARIO de todas e cada unha das presentes CONDICIÓNNS DE USO, sen prexuízo das condicións particulares que sexa preciso aplicar no caso de que o USUARIO desexe contratar algún dos bens e servizos que se lle ofrecen.

O CONCELLO DA BAÑA garante que todos os contidos e servizos que se ofrecen en <https://v3manager.com/viver> respectan o principio de dignidade da persoa, o principio de non discriminación por razóns de raza, sexo, relixión, opinión, nacionalidade, discapacidade ou calquera outra circunstancia persoal e social, así como o principio de protección da mocidade e da infancia.

Así mesmo, o USUARIO comprométese a realizar un bo uso dos contidos e servizos de <https://v3manager.com/padellana>, que nunca poderán ser utilizados para actividades ilícitas ou que poidan ser contrarias á orde pública, á defensa nacional ou á saúde pública. Calquera utilización por parte do USUARIO dos contidos e servizos deberá respectar os principios indicados no parágrafo anterior.

O acceso e a utilización das páxinas <https://v3manager.com/padellana> realizaranse baixo a única e exclusiva responsabilidade do USUARIO.

O CONCELLO DA BAÑA non garante nin se responsabiliza dos danos e prexuízos de toda natureza que se deban ás seguintes circunstancias:

- A falta de continuidade do funcionamento do sitio web <https://v3manager.com/padellana>, así como ao funcionamento incorrecto das páxinas web incluídas nel.
- A falta de utilidade, adecuación ou validez dos servizos e contidos que se ofrecen en <https://v3manager.com/padellana> respecto dos resultados e expectativas do USUARIO.
- A existencia de virus ou programas no ordenador do USUARIO ou pola presenza de virus nos servizos prestados por terceiros a través de <https://v3manager.com/padellana>.

### **Réxime de responsabilidades**

O CONCELLO DA BAÑA é o único responsable da Política Comercial do Establecemento para comercializar os produtos e servizos ofertados e tamén dos contidos do sitio web. Unicamente responderá dos danos que o Usuario poida sufrir como consecuencia da utilización da Tenda cando ditos danos sexan imputables a unha actuación dolosa desta entidade. O Usuario reconece e acepta que a utilización da Tenda, así como a adquisición dos produtos nela ofrecidos, se realiza baixo o seu enteiro risco e a súa enteira responsabilidade.

O CONCELLO DA BAÑA non se fai responsable dos prexuízos que se puidesen derivar de, con carácter meramente enunciativo e non limitativo:

- (i) Interferencias, omisións, interrupcións, virus informáticos, avarías e/ou desconexións no funcionamento operativo deste sistema electrónico ou nos aparellos e equipos informáticos dos Usuarios, motivadas por causas alleas ao CONCELLO DA BAÑA, que impidan ou retrasen a prestación dos servizos ou a navegación polo Sistema;
- (ii) Retrasos ou bloqueos no uso causados por deficiencias ou sobrecargas de Internet ou noutros sistemas electrónicos;
- (iii) Os que poidan ser causados por terceiras persoas mediante intromisións ilexítimas fóra do control da Tenda e que non sexan atribuíbles ao CONCELLO DA BAÑA;
- (iv) As diverxencias da información, documentación e/ou demais contido da Tenda que puidesen existir entre a versión electrónica e a versión impresa;
- (v) Da imposibilidade de prestar o Servizo ou permitir o acceso por causas non imputables ao CONCELLO DA BAÑA debidas ao Usuario, a terceiros ou a supostos de forza maior.

O CONCELLO DA BAÑA non garante en ningún caso que os Usuarios utilicen o Servizo de conformidade coa lei, as presentes Condicións Xerais, a moral e os bos costumes xeralmente aceptados e a orde pública, nin tampouco que o fagan de forma dilixente e prudente.

### **Política de devolucións**

O CONCELLO DA BAÑA non devolverá o importe aboado tras a reserva e pago con tarxeta de crédito de calquera servizo contratado a través da páxina.

Cláusula 1. Só e exclusivamente se devolverá o importe aboado se non se puidese gozar do servizo por causas internas da empresa.

### **Adquisición de produtos e formas de pagamento - Condicións de uso**

Para acceder e utilizar as instalacións da pista de pádel, o Usuario deberá seguir os pasos indicados a continuación a través da plataforma web <https://v3manager.com/padellana>. A realización de calquera reserva implica a lectura e aceptación irrevogable das presentes Condicións Xerais.

1. Rexistrarse na plataforma de reservas e solicitar contrasinal de acceso.
2. Busca de pista: o usuario elixirá o tipo de pista, a data para xogar, a duración da partida e a hora de inicio. Antes de facer clic no botón "Localizar pistas" debe aceptar as condicións. Cando pulse o botón pasará á seguinte páxina de Selección de pista.
3. Selección de pista: aquí o usuario verá unha lista das pistas dispoñibles segundo as condicións da sección anterior. Cada unha contén información do tipo de pista e o prezo. O usuario deberá facer clic no botón Reservar para pasar á seguinte páxina.
4. Autenticación: se o usuario non se identificou previamente farao aquí.
  - Selección da forma de pagamento: desde aquí deberá seleccionar a forma de pagamento, que será mediante pago con tarxeta ou cargo contra saldo.
  - Realización do pagamento: cando o usuario fai clic nalgunha das dúas formas de pagamento procederase a realizar o pagamento.
  - Pago con tarxeta: a través do sistema "RedSys".
  - Cargo contra saldo: previa compra de bonos ou abonos do centro.

**Unha vez realizado o pagamento, a compra quedará confirmada automaticamente.**

5. Recepción do PIN de acceso

Unha vez confirmada a compra, o Usuario recibirá un correo electrónico co PIN de acceso necesario para acceder á pista.

### **Tarifas xerais**

Os produtos e/ou servizos ofertados na Tenda, xunto coas súas características e prezo, aparecerán en pantalla. Os prezos indicados en pantalla móstranse en euros e inclúen o IVE e calquera outro imposto que fose de aplicación e serán en todo momento os vixentes, salvo erro tipográfico.

### **XURISDICIÓN E LEXISLACIÓN APLICABLE**

**As presentes Condicións de Uso rexeranse polo disposto na lexislación española.**

No caso de que se produza calquera discrepancia ou controversia con motivo da interpretación ou da aplicación das presentes Condicións de Uso ou do contido da páxina web en xeral, o CONCELLO DA BAÑA e o USUARIO, con renuncia expresa a calquera outro foro que puidese corresponderlles, sométense á xurisdición dos Xulgados e Tribunais do domicilio do prestador do servizo.

Concello da Baña

Teléfono 981886501

Correo electrónico: correo@concellodabana.gal